

## Consideracións sobre antroponimia galega e valona, a propósito do *Dictionnaire des noms de famille* de Herbillon / Germain

Ana Isabel Boullón Agrelo  
*Universidade de Santiago de Compostela*

### RESUMO

Nesta nota dáse noticia do *Dictionnaire des noms de famille en Belgique romane* (Herbillon / Germain 1996); infórmase sobre o seu proceso de xestación, a macroestrutura e a microestrutura. Ademais, faise unha comparación entre a antroponimia galega e valona, prestando atención máis ós trazos diferenciadores cós comúns, propios de calquera lingua romance. Así, faise referencia, fundamentalmente, á composición etimolóxica, á maneira de forma-los patronímicos, a diversos factores sociolingüísticos que influíron en ámbolos *corpora*, e compáranse os trinta apelidos máis frecuentes nas dúas linguas.

**Palabras clave:** antroponimia, lexicografía, galego, valón (francés).

### ABSTRACT

These notes are devoted to review the *Dictionnaire des noms de famille en Belgique romane* (Herbillon / Jean Germain 1996), giving account of its gestation process, its macrostructure and microstructure. Furthermore, a comparison to Galician surnames is drawn and attention is specially paid to the differing features existing between both systems. So, we basically refer to the ethymologic composition, the patronymic's formation method and the influences of sociolinguistic agens over both *corpora*. We close with a contrastive study between de tables of the thirty most frequent surnames.

**Keywords:** anthroponymy, lexicography, Galician language, walloon (french).

## A XESTACIÓN, OS ANTECEDENTES E A ESTRUCTURA DO *DICTIONNAIRE*

Esta obra véñse sumar á tradición de estudos onomásticos que teñen como base a lingua francesa, estudos que gozan neste ámbito románico dunha tradición relativamente longa. A partir do segundo cuarto deste século, o interese pola onomástica aumentou por mor dos traballos de A. Dauzat, quen, amais de organizar en 1938 o Primeiro Congreso Internacional de Toponimia e Antroponimia en París, publicou en 1945 unha das súas obras máis difundidas, *Les noms de famille de France. Traité d'Anthroponymie Française* (París), e, pouco despois, o *Dictionnaire des noms de famille et prénoms de France* (París, 1946). Unha súa discípula, M. T. Morlet, que publicou varios traballos de antroponimia medieval en Francia, contribuiría a este labor de divulgación co seu *Dictionnaire étymologique des noms de famille* (París, 1991). Para os estudos da área belga, o punto de partida é practicamente o mesmo: o congreso de 1938, aínda que xa houbera previamente algunhas valiosas contribucións (como a de Paul Aebischer 1924: "L'anthroponymie wallonne d'après quelques anciens cartulaires", *BDW* 13, 73-168). Hai que ter en conta que neste país o panorama onomástico é especialmente complexo, xa que se debe contempla-lo elenco románico xunto co xermánico, reflexo inevitable da situación bilingüe (valón e flamengo).

A obra que agora comentamos vén complementa-lo estudio do conxunto dos nomes belgas, que foi iniciado no que atinxe ós nomes flamengos por Frans Debrabandere (*Woordenboek van de familienamen in België en Noord-Frankrijk*, 2 vols., Bruxelas, 1993). O profesor Germain continúa e completa os traballos do desaparecido J. Herbillon, autor de diversos traballos sobre a antroponimia valona. O xermolo deles remóntase a 1954, cunha serie de minuciosas recensións ó libro *Origine des noms de familles en Belgique* (Louvain, 1953), de Albert Carnoy. En 1960, decidiu cambiar de obxectivo e elaborar *Un nouveau traité sur les noms de famille belges*. No momento da súa morte, en 1987, estaba traballando no tramo *Maubert a Roiseaux*. A partir de 1989, Germain continuou o seu labor, "dans le même esprit que lui", pero con certos cambios de método.

En primeiro lugar, conseguiu un inventario exhaustivo dos apelidos belgas no ficheiro do rexistro nacional de persoas físicas (datado en 1987), e dispuxo tamén da frecuencia dos apelidos por provincias. Ademais, decidiu indica-las mencións antigas dos apelidos procedentes das listas nominativas medievais. Finalmente, eliminou nomes non documentados realmente en Bélxica, procedentes do antigo manual de Carnoy (*Burelion, Canesson, Carsoul...*), e modificou certas explicacións. De maneira que "on en pourra que difficilement distinguer ce qui est le fait de Jules Herbillon lui-même et ce que j'ai ajouté, modifié, corrigé, amendé, augmenté" (p. 16).

A idea de Herbillon era elaborar un dicionario só de apelidos románicos, isto é, procedentes do francés (rexional con substrato dialectal) e mais das variedades galorrománicas existentes no territorio valón actual (valón, picardo, lorenés). Sen embargo, dada a historia do país, é difícil separa-los córpora romano e xermánico. Tanto é así que as correntes de migra-

ción motivaron historicamente que existan apelidos valóns en zonas actualmente flamengas e, á inversa, apelidos flamengos en zonas valonas. Por isto, o dicionario recolle os apelidos románicos, ben sexan da Valonia, de Bruxelas ou da zona flamenga, así como tamén considera -sen exhaustividade- os apelidos xermánicos da rexión valona (alemáns no leste do país e luxemburgueses no sueste); para isto contou coa colaboración de Debrandebere, autor do devandito dicionario de nomes flamengos.

Aínda que esta obra se inscribe na tradición francesa dos dicionarios chamados “etimolóxicos” (Dauzat, Morlet), Germain precisa que estes dicionarios de antroponimia non se poden chamar propiamente etimolóxicos, senón *de sentido*, próximos ós dicionarios bilingües, que responden á función, eminentemente social, de responder ó lector que busca o sentido dun nome propio, da mesma maneira que un dicionario da lingua dá o sentido dunha palabra común (p. 19). Hai, sen embargo, unha certa relación con eles, mediante a remisión -non sistemática- ó FEW de Wartburg, e as múltiples relacións establecidas cos dicionarios dialectais e o *Atlas linguistique de la Wallonie*.

A introducción complétase cunha relación da bibliografía xeral e das fontes utilizadas, outra das abrevacións usuais e unha última, imprescindible nunha obra pensada para a divulgación ó gran público, cun glosario de termos técnicos, ben referidos a diversos fenómenos morfolóxicos, fonéticos ou semánticos (*agglutination, aphérèse, attraction paronymique...*) ou ben exclusivos do ámbito onomástico (*anthroponymie, nom de famille, toponymie...*).

O número total das formas estudadas é de 75.000, incluídas variantes gráficas. Téñase en conta que o conxunto actual de apelidos graficamente diferentes en Bélxica é duns 187.000, e só na Valonia (comprendendo a rexión xermanófona, pero non Bruxelas), son 115.657 (Germain / Pierret 1990: 539).

A última parte do dicionario constitúea a información estatística das frecuencias. No canto de presenta-lo número absoluto dos nomes en cada entrada, o autor decidiu organizar un apéndice final con tódolos cadros, cruzando diversas variables: os apelidos máis frecuentes no conxunto de Bélxica, repartidos por provincias, a distribución por tipos de apelidos (patronímicos, profesionais, toponímicos, sobrenomes), unha serie de dez mapas onde se reflicte a frecuencia xeográfica dun certo número de formas (datos que poden ser ben útiles para as que proceden dun topónimo ou son de orixe dialectal), e, por último, a lista alfabética dos apelidos máis frecuentes co número de ocorrencias por provincias.

## A MICROESTRUCTURA

**Os lemas.** A ordenación é alfabética, fundamentalmente. Agrúpanse en certa medida as variantes dun mesmo nome baixo a forma máis común, máis frecuente ou máis próxima á etimoloxía, para poder dispoñer, á hora de explica-lo nome, do maior número de materiais e o elenco das variantes, que por veces deitan luz sobre a orixe do antropónimo. A cuestión das

variantes é complexa, porque os apelidos amosan moitas veces certas particularidades (fronte ó léxico común, que está suxeito a unha uniformización máis rixida) debidas, en boa parte, a unha cuestión extralingüística: a arbitrariedade dos funcionarios dos respectivos rexistros. Desta maneira, pódense encontrar grafías arcaicas (*Mixhel* por *Michel*, presenza antietimolóxica de *H-*, como en *Hambroise*, *Hernaut*), grafías fóra do sistema gráfico do francés (*Aoûst*, *Roÿer*, *Françeus*, etc.), ou diversas formas de representalos apelidos que presentan soldado o artigo (*Le Maire*, *Lemaire*, *LeMaire*). Por outra parte, os apelidos valóns diferéncianse dos franceses por amosaren trazos fonéticos e morfolóxicos propios da Valonia e o seu substrato dialectal. Algúns exemplos serían o *î* fronte ó francés *ie* (*Corbugy*, *Corbuzy* - *Corbusier*; *Fevry* - *Février*...), a ditongación de *e* en sílaba trabada (*Bierna*, *Biernaux* = *Bernard*), o mantemento de *k* e *g* ante *a* en picardo (*Carpentier*, var. de *Charpentier*, *Ducamp* ~ *Duchamp*, *Dugardin* ~ *Dujardin*), o mantemento do *w* xermánico (*Willème* ~ *Guillaume*), etc.

**Localización e datación das formas máis antigas.** O sistema de citación é distinto do utilizado usualmente, coa intención de facilita-la lectura ó gran público: non se indica a abreviatura da fonte (nin a páxina), senón o lugar e o ano (Mons, 1365 → *Taille de Mons*). A idea é que un lector máis interesado poida localiza-lo dato que lle interese indo directamente á fonte; na relación de fontes localizarase a referencia completa. A información histórica é moi importante desde o punto de vista lingüístico, especialmente no que atinxe ós apelidos que proceden do léxico común, xa que é moi común atopa-las primeiras atestacións romances nos alcumes (mesmo en documentos escritos en latín). Estas datacións son fundamentais na elaboración do diccionario histórico de calquera lingua.

**As referencias etimolóxicas.** Remítese ó FEW de Wartburg e a dicionarios dialectais. Non se fai etimoloxía “remota”, é dicir, non se proporciona a etimoloxía dos étimos (topónimos, santos hebreos, nomes xermánicos...), senón que simplemente se indica o tipo de nome (prenome cristián, elemento antroponímico xermánico, topónimo, étnico, nome de profesión, parentesco, dignidade, alcume, etc.), con referencia ó léxico (francés, fr. ant., fr. medio, valón, picardo), e a localización topográfica.

Indícase en ocasións **a pronuncia** cando se trata dunha forma dialectal ou presenta algunha particularidade especial, pero de forma bastante selectiva.

Para ilustra-lo antedito, cremos útil reproducir algunha das entradas:

**Dubois**, w. nam. *Dubwès* [NF le plus fréquent en Wallonie, principalement en Hainaut et en Brabant wallon, 13e en Belgique] **Du Bois, du Bois de Chantraine**. Nom d’origine: fr. *bois* (topon. très fréquent).

**Leclerc, Le Clerc, Leclerck, Leclercq** [6e NF le plus fréquent en Wallonie, 3e en Hainaut]m, **Leclercque, Leclercqz, Lecler, Leclair, -eire, Leclère, Leclere, Leclerq, Leclerque, -erqz, Leclerre**, w. liég., nam. *Léclêr*; **Leclair** [peut aussi être un surnom: fr. *le clair*], **Leclairq, Leclair, Le Clair, Leclairq, Leclercq** (par méprise). 1290 “Jehan Leclerc” Ypres, 1294 “Linars li Clers” Namur, 1417 “Baudin le Clercq” Ath, [...]; nom de profession: fr. *clerc* ‘greffier’.

**Viel, Vielz, Vielle, Vieille.** 1267 “Mahius li Vielles” Herchies, 1444 “Tinlemande le Vieille” Namur, 1481 “J. Hardi le vielz” Bastogne, 1730 “Gille Viel” Namur; surnom: anc. fr. *vielz*, fr. *vieil, vieille* ‘vieux, vieille’, cf. aussi Vie(i)llard.

En definitiva, contamos cunha obra moi completa, onde, amais dun diccionario cun gran número de entradas, dispoñemos dunha introducción que non constitúe unha mera explicación da xénese e da estrutura do libro, senón que, en certa medida, supón un “pequeno tratado de antroponimia valona”, con explicación da compoñente etimolóxica dos apelidos, aclaración das peculiaridades gráficas, fonéticas e morfolóxicas, mesmo indicacións de aspectos como a lonxitude (o máis curto é, sen dúbida, *O*, e os máis longos, propios de familias nobres, compoñense de varios elementos), ou os apelidos dados ós nenos ilexítimos abandonados, etc. En realidade, o estudo dos apelidos excede o estrictamente lingüístico, dado que, como o propio autor recoñece, precisa un amplo coñecemento da historia relixiosa, mental, política, así como da lingua e dos seus dialectos, as linguas veciñas, a toponimia, o folclore, etc.

É evidente, con todo, o interese que o estudio da onomástica comporta para o estudio da lingua do país, tanto no relativo á historia coma á dialectoloxía, e tamén para o da lingüística románica. Esta perspectiva románica coñécea ben o profesor Germain, como activo integrante do proxecto PatRom (*Dictionnaire étimologique des noms de famille romans*), que, con sede central na Universidade de Tréveris, conta con equipos de investigadores en tódalas áreas lingüísticas da Romanía<sup>1</sup>. Desde esa perspectiva románica parécenos de interese facer alusión ós trazos de semellanza e diverxencia entre os apelidos valóns e os galegos.

## ANTROPONIMIA VALONA, ANTROPONIMIA GALEGA

Non é en absoluto de estrañar que, como linguas románicas que son, encontremos moitos trazos de similitude entre o conxunto galego de apelidos e o valón: “L’histoire des noms de personnes ou la formation et la succession de systèmes onomastiques différents présentent, malgré toute l’individualité régionale, une constante «européenne»” (Kremer 1990: 69). Considero máis interesante mencionar aquí certas características que nos amosan as “individualidades rexionais” na formación dos sistemas antroponímicos de dúas áreas tan distantes da Romanía. Non se trata, é obvio, de facer un estudio contrastivo en profundidade, senón de observar certos feitos que se tiran da consulta do diccionario que comentamos. Non me vou referir á distinta composición etimolóxica do corpus antroponímico (é evidente na Valonia a maior presenza da antroponimia xermánica de carácter franco, fronte ó esencialmente visigótico en Galicia), senón á presenza ou ausencia de certos elementos, así como á morfoloxía dalgúns apelidos.

<sup>1</sup> Para máis información, véxase Kremer 1990b, 1992, e especialmente 1997.

Entre os trazos diferenciadores é contrastable, por exemplo, a existencia de matrónimos (nomes transmitidos pola nai): *Bette, Lisbet* (de Élisabeth), *Catherine, Marion, Marguerite - Magritte - Margot*; e tamén de construcións fosilizadas con artigo feminino referidas ó marido: *Ladavid, Lamaurice...*

Carecemos tamén en Galicia de delocutivos, “noms qui ont comme source le langage ou qui se référent à des actes de langage” (p. 29), que poden ter orixe na liturxia (procedentes seguramente de alcumes de chantres): *Déome/Deom* (a partir de *Deum*, en fórmulas como *Te Deum*), *Oremus, Vobiscum, Paternoster...*; fórmulas como *Conséquence, Considérant...*; expresións como *Cheramy, Monami, Pourquoi* ou xuramentos, como *Depardieu*.

Un trazo común nos apelidos franceses é a presenza fosilizada do artigo, especialmente en designativos profesionais (*Leclercq, Labbé*), de dignidade ou función (*Leroy, Lempereur, Lecomte, Leduc*) ou en sobrenomes de todo tipo (*Lepère, Lejeune, Legrand, Lemie...*). Xa nos antigos textos valóns o nome común ou o adxectivo que serve de alcume aparecía precedido con moita frecuencia de artigo: *Pierre le Fèvre, Pierre le Gros*. No XVI este artigo foi eliminado en moitos nomes, pero non de maneira sistemática. En galego existen algúns apelidos que presentan o artigo soldado (*Ocampo, Acosta*), pero son pouco frecuentes, e practicamente todos eles de carácter deotoponímico, diversamente dos valóns. En realidade, nos textos medievais galegos era corrente o artigo pero coa preposición diante nos apelidos de orixe toponímica (*do Outeiro, da Ponte*). A regularización nos libros dos rexistros fixo que na maior parte dos casos se perdese a preposición (no territorio valón existen paralelamente formas sen o artigo aglutinado, vid. p. 488 s.v. *le*), ou ben pervivise soldada graficamente co apelido (*Daponte, Dacosta*); as graffías *da Ponte, da Costa* son escasas. Por tanto, aquelas formas *Ocampo, Acosta* deben en realidade incluírse no grupo dos apelidos de orixe toponímica que normalmente debía levar preposición; a súa ausencia, “anormal”, pode deberse, como indica Machado (1984 s.v. *Acosta*), a interferencia do castelán: *do Campo > de o Campo > de Ocampo > Ocampo*, pois desde a perspectiva interna do galego (ou do portugués) non se entende esa segmentación. Polo tanto, sería o mesmo tipo de apelidos cós tamén frecuentes na Valonia, con preposición *de* con nomes comúns toponímicos, e frecuentemente coa forma contracta *du* (*Dubois, Dupont, Dubuisson, Ducastel...*), ou con formas tipicamente valonas, como a contracción *dè*, escrita a miúdo *de* (*Depré (-ez)* correspondería a *Dupré* ou *Després*, por exemplo), a contracción valona e picarda *del*, correspondente á *de + la* (*Delcroix, Delplanche, Delvaux...*), ou outras (vid. p. 39). Outras preposicións que aparecen nos apelidos valóns non se rexistran nos apelidos equivalentes galegos, tales como *à* (que marca a filiación e é escaso na Valonia: *Aubrun, Aucouturier...*), *sans* ou o seu equivalente neerlandés *zonder* (*Sansterre, neerl. Zonderland*), ou diversas combinacións (*Doutrepoint, Dedessuslesmoutiers, Doutrelemont...*).

Desde o punto de vista sociolingüístico, o conxunto de apelidos galegos sufriu un proceso de castellanización a partir do séc. XVI. No conxunto dos apelidos valóns o que ocorreu foi, máis ou menos na mesma época, unha moda latinizadora que motivou que hoxe un bo

número dos apelidos belgas se presente baixo unha forma latina ou latinizada. Este proceso ocorreu, máis en Bélxica ca en Francia, como un dos efectos culturais do Renacemento, e debeuse tamén a que os rexistros de bautismo estaban redactados en latín. Desta maneira aparecen formas como *Paulus*, *Petrus*, *Marcus*, e mesmo outras dificilmente identificables por debérense a latinizacións superficiais ou incorrectas: *Mathus* por *Matheus*, *Hanus* quizais por *Jehan*, *Majerus* a partir de *Meier* 'labrador', 'granxeiro', etc.

Outro tipo de latinización consiste na construción de xenitivos latinos para indica-lo nome de familia, orixinados tamén pola latinización dos rexistros de bautismo: "Hodie baptuzatus(a) est X filius Petri" (p. 42), o que deu lugar a apelidos como *Bernardi* ou *Bernardy*, *Egidi* (< *Egidius*), *Fabry*, *Jacobi*, *Nicoaly*, *Pauli*, etc. A zona xeográfica onde se rexistra isto é especialmente nos países xermánicos e mais nas súas rexións veciñas, nomeadamente na Valonia, ó longo da fronteira con Luxemburgo e Alemaña. Este tipo de patronímicos ocorreu tamén en Galicia, pero nunha época moi anterior: o uso do xenitivo latino para expresa-la filiación foi un dos procedementos máis usados na Galicia altomedieval (e no resto da Península), cunha presenza que foi diminuindo en favor do sufixo patronímico co decorrer dos séculos ata acabar desaparecendo (vid. Boullón 1995); na época da eclosión do romance galego na documentación xa non había restos do xenitivo latino nos patronímicos (subsiste hoxe só nos topónimos procedentes dos nomes de poseosres: vid. Piel 1947). Vemos aquí dous procedementos idénticos que ocorreron en distintas épocas, con distintas motivacións e que deixaron, tamén, diferentes restos nos dous dominios románicos.

No que respecta á composición tipolóxica do corpus antroponímico, resulta cando menos indicativo realizar unha comparación entre os apelidos máis frecuentes en Galicia<sup>2</sup> e na Valonia. As abreviaturas utilizadas fan referencia á procedencia dos apelidos: NP, a partir dun nome persoal (con sufixo patronímico a maioría dos galegos); TOP, de orixe toponímica; SN, dun sobrenome procedente do léxico común, que tanto pode tratarse dun designativo profesional coma dun alcume.

Apelidos galegos		Apelidos valóns	
Rodríguez	NP	Dubois	TOP
Fernández	NP	Lambert	NP
González	NP	Martin	NP
López	NP	Dumont	TOP
García	NP	Dupont	TOP
Pérez	NP	Leclercq	SN
Martínez	NP	Simon	NP
Vázquez	NP	Laurent	NP

<sup>2</sup> Para o elenco das formas galegas utilizamos datos tirados do censo electoral do ano 1996 do Instituto Nacional de Estadística (Madrid).

Álvarez	NP	Renard	SN
Gómez	NP	Lejeune	SN
Castro	TOP	Denis	NP
Iglesias	TOP	Gerard	NP
Díaz	NP	Charlier	SN
Sánchez	NP	Leroy	SN
Blanco	SN	Mathieu	NP
Varela	SN?	Petit	SN
Otero	TOP	Michel	NP
Alonso	NP	Lemaire	SN
Domínguez	NP	Bertrand	NP
Rei	SN	François	NP
Suárez	NP	Evrard	NP
Lorenzo	NP	Fontaine	TOP
Piñeiro	TOP	Noël	NP
Vidal	NP	Collard	NP
Pereira	TOP	Bernard	NP
Méndez	NP	Marchal	SN
Barreiro	TOP	Thomas	NP
Núñez	NP	Robert	NP
Lago	TOP	Servais	NP
Estévez	NP	Thiry	NP

Queda claro que dun cotexo de só 30 nomes só se poden tirar conclusións meramente indicativas, a falta dunha comparación estatística que debería incorporar moitos máis datos. Del, de todas maneiras, podemos deducir, amais das consideracións xa indicadas, outras de tipo xeral e ben coñecidas, como a inexistencia do sufixo patronímico (-ez) na Valonia (pois, como se sabe, é exclusivo da Península Ibérica). Se atendemos á orixe deste conxunto de apelidos, obtemos unha cifra moi aproximada entre os distintos elementos: nos dous grupos predominan os que proceden dun nome persoal (NP: 18 os valóns e 17 os galegos), seguidos a distancia dos deotoponímicos e dos sobrenomes (con proporcións case inversas: 7 TOP os galegos e 4 os valóns, fronte a 4 SN os galegos e 8 os valóns).

Fóra desta coincidencia numérica, é curioso comprobar que só hai tres apelidos comúns: dous deles, correspondentes a nomes persoais latinos: MARTINUS (*Martin* no caso dos valóns e *Martínez*, co sufixo patronímico, nos galegos) e LAURENTIUS (valón *Laurent*, gal. *Lourenzo*, coa forma castelanizada *Lorenzo*). O outro é o sobrenome descendente de REX: *Rei* / *Leroy* (co artigo soldado), que Germain explica como nome de escarnio; outra explicación posible pode se-la denominación dada ós fillos ilexítimos ou atopados, como “fillos do rei”. Outras formas

comúns teñen un posto moi distinto na orde de frecuencia. Os apelidos deotoponímicos valóns máis frecuentes, *Dubois*, *Dumont*, *Dupont* (entre os cinco primeiros) correspóndense só co galego *Daponte*, que figura no final na relación de frecuencia dos apelidos galegos<sup>3</sup>. Os deotoponímicos galegos (*Iglesias*, *Castro*, *Otero* -forma castellanizada de *Outeiro*-, *Piñeiro*, *Barreiro*, *Pereira*) son característicos da nosa área mesmo dentro da Península (Kremer 1994:36). Tamén resulta curioso comprobala diferenza nos que proceden de sobrenomes: *Blanco*, *Varela*, *Romero* (forma castellanizada de *Romeu* 'peregrino'), fronte a *Leclercq* (nós temos *Crego*, *Frade*, *Freire*, e este último entre os 50 primeiros), *Renard* (en galego, *Raposo* e *Golpe*, pero moito menos frecuentes), *Lejeune* (nós temos *Bello*, con falsa grafía pola voz común *vello*, entre os 80 primeiros), *Charlier* 'carreteiro', *Petit* (existe *Pequeno*, en moita menor proporción), *Lemaire* (*Alcalde*), *Marchal* 'mariscal' (sen equivalencia).

No que respecta ós apelidos que proceden de nomes persoais, observamos que unha boa parte deles non teñen equivalencia con formas galegas (a non ser como nomes de persoa, illados e sen a penas representatividade). Tal é o caso de *Lambert*, *Gerard*, *Bertrand*, *Evrard*, *Robert*, *Thiri* (todos eles, significativamente, de orixe xermánica) ou de *Noël* (lat. NATAL), *Servais* (lat. SERVATIUS), *Collard* (derivado do nome de orixe grega *Nicolaos*). *Bernard* podería ter como equivalente *Bernal*, traído a Galicia na Idade Media polos francos a través do Camiño de Santiago (ou *Bernárdez*, con sufixo patronímico), igual ca *Denis* (= *Denís*, *Dinís*); *Mathieu* equivalería ós galegos *Mateo*, *Mateu*, *Mateus* (nesta orde de frecuencia), *Michel* ó patronímico *Miguez* (ou *Míguez*), *Thomas* a *Tomé* (en menor medida *Tomás*), e *François* a *Francisco*, pero, en todo caso, cunha significación numérica moi diferente.

En conclusión, felicitámonos pola aparición desta nova obra que arrequece os estudos onomásticos e que en realidade vai máis alá do que se refire á área valona, e mesmo á área francesa, porque a súa importancia concerne tamén á románica en xeral. Trátase dunha obra en que a intención divulgadora non resta rigor científico, senón que redundante na claridade expositiva e consegue por ó alcance dos non especialistas coñecementos sobre un asunto de interese xeral. Sería de desexar que a publicación deste tipo de obras incentivase a elaboración de máis dicionarios antroponímicos da nosa área románica (hispanica, en xeral) para podermos dispor de materiais elaborados con criterios científicos e que atendesen ás distintas variables fundamentais na antroponimia, entre as que destacaría as históricas, as dialectais e as estatísticas.

<sup>3</sup> Só ten 298 ocorrencias (e *Da Ponte*, 6). Claro que esta relación nominal é, en certa medida, enganosa, xa que hai moitas máis ocorrencias sen a contracción da preposición mailo artigo que, sen dúbida, teñen a mesma orixe deotoponímica (*Ponte* 2221) e aínda máis da forma castellanizada (*Puente* 2283). Hai que ter en conta a situación sociolingüística do galego para ver que, en realidade, habería que sumar todas estas ocorrencias se a historia da nosa lingua fose normal: daquela obteríamos unha cifra aproximada de 4600 ocorrencias, o que situaría este apelido entre os 100 primeiros.

**BIBLIOGRAFÍA**

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1995): “Cronoloxía e variación das fórmulas patronímicas na Galicia altomedieval”, *Verba* 22, pp. 449-475.
- Germain, Jean / Jean-Marie Pierret (1990): “Le français: Anthroponymie, b) Belgique”, en G. Holtus / M. Metzeltin / Ch. Schmit (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. V.1, Tübingen: Max Niemeyer, pp. 538-543.
- Herbillon, Jules / Jean Germain (1996): *Dictionnaire des noms de famille en Belgique romane et dans les régions limitrophes (Flandre, France du Nord, Luxembourg)*. 2 vols. Bruxelles: Crédit Communal.
- Kremer, Dieter (1990a): “Bilan et perspectives des études en onomastique romane”, en Jean-Claude Boulanger (ed.): *Actes du XVI<sup>e</sup> Congrès International des Sciences Onomastiques*. Québec. Université Laval, 16-22 août 1987. Laval, pp. 59-84.
- Kremer, Dieter (1990b): “Dictionnaire historique des noms de famille romans”, en Dieter Kremer (ed.): *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actes du 1<sup>er</sup> Colloque (Trèves, 10-13 décembre 1987)*. Tübingen: Niemeyer, pp. XI-XX.
- Kremer, Dieter (1992): “Patronymica Romanica (PatRom). Bemerkungen zu einem europäischen Forschungsprojekt”, *BNF* 27, 3/4, pp. 251-263.
- Kremer, Dieter (1994): “Galegisch: Interne Sprachgeschichte III. Onomastik”, en G. Holtus / M. Metzeltin / Ch. Schmit (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, VI.2, pp. 34-46.
- Kremer, Dieter (1997) (coord.): *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane (PatRom). Présentation d'un projet*. Tübingen: Niemeyer.
- Machado, José Pedro (1984): *Dicionário onomástico etimológico da língua portuguesa*. 3 vols., Lisboa: Confluência.
- Piel, Joseph M. (1947): “Nomes de ‘possessores’ latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa”, *Biblos* 23, pp. 143-202, 283-407.